



[Gal/Cast] VII Asemblea Galega de Inmigración e Emigración de retorno

LA HAINE :: 26/05/2012

VII Asamblea Galega de Inmigración y Emigración de retorno

Galego O Foro Galego de Inmigración organiza a VII Asemblea Galega de Inmigración e Emigración de Retorno, para analizar, debater e denunciar o endurecemento das políticas migratorias e o recorte de dereitos dos inmigrantes e doutros colectivos vulnerábeis. Políticas que se están a impor co pretexto da crise económica e a xustificar cun discurso xenófobo que "busca dividir á sociedade". Con ese motivo convocan ademais unha manifestación, ese mesmo día, ás 18:00 horas, con saída do Campo de Marte, baixo o lema "Non é austeridade, é racismo". 12-05-24 cartaz inmigración A Asemblea está dirixida especialmente ás persoas que participan nas asociacións de migrantes e á comunidade inmigrante e emigrante retornada en xeral, mais tamén a integrantes de entidades que traballan con colectivos de migrantes. O obxectivo é abrir un espazo de discusión que se desenvolverá en diferentes mesas de diálogo e centrarase en catro temas específicos, coa fin de establecer accións concretas que axuden a pór freo aos problemas derivados das actuais políticas de recortes sociais. Os temas xirarán arredor do reparto de alimentos a colectivos específicos; as restricións no acceso ao sistema sanitario; os cambios na lexislación para empregadas de fogar e a persecución policial ao colectivo inmigrante. Farase un xantar colectivo, contando coa colaboración de todas as persoas asistentes e está prevista a saída dun autobús gratuíto desde Compostela. A inscrición é de balde e pódese facer a través do correo electrónico foroinmigracionsantiago@yahoo.es ; no enderezo da asociación na Rúa San Roque, nº 6 bis ou chamando ao 981 580 506. **Castellano** El Foro Galego de Inmigración organiza la VII Asamblea Galega de Inmigración y Emigración de Retorno, para analizar, debatir y denunciar el endurecimiento de las políticas migratorias y el recorte de derechos de los inmigrantes y de otros colectivos vulnerables. Políticas que se están imponiendo con el pretexto de la crisis económica y a justificar con un discurso xenófobo que "busca dividir a la sociedad". Con este motivo convocan además una manifestación, ese mismo día, a las 18:00 horas, con salida del Campo de Marte, bajo el lema " No es austeridad, es racismo". 12-05-24 pancarta inmigración La Asamblea está dirigida especialmente a las personas que participan en las asociaciones de migrantes y a la comunidad inmigrante y emigrante retornada en general, pero también a integrantes de entidades que trabajan con colectivos de migrantes. El objetivo es abrir un espacio de discusión que se desarrollará en diferentes mesas de diálogo y se centrará en cuatro temas específicos, con el fin de establecer acciones concretas que ayuden a poner freno a los problemas derivados de las actuales políticas de recortes sociales. Los temas girarán alrededor del reparto de alimentos a colectivos específicos; las restricciones en el acceso al sistema sanitario; los cambios en la legislación para empleadas de hogar y la persecución policial al colectivo inmigrante. Se hará una comida colectiva, contando con la colaboración de todas las personas asistentes y está prevista la salida de un autobús gratuito desde Compostela. La inscripción es gratuita y se puede hacer a través del correo electrónico foroinmigracionsantiago@yahoo.es; en la dirección de la asociación en la Calle San Roque, número 6 bis o llamando al 981.580.506

<https://galiza.lahaine.org/gal-cast-aseblea-galega-de-inmigracion>